



## **NOTA INFORMATIVA SOBRE O PROXECTO “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE MORAÑA**

O INSTITUTO PARA LA DIVERSIFICACIÓN Y AHORRO DE LA ENERGÍA (IDAE), do Ministerio para la Transformación Ecológica y el Reto Demográfico, concedeu ao Concello de Moraña unha subvención por un importe de 602.996,38 euros para o proxecto de “MELLORA DA EFICIENCIA ENERXÉTICA DO ALUMEADO PÚBLICO DO CONCELLO DE MORAÑA”, que ten un orzamento de 742.145,08 euros,

***A Resolución de concesión da axuda do IDAE, foi ao abeiro do RD 692/2021, de 3 de agosto. Medida 4.Loita contra a contaminación lumínica, alumado eficiente e intelixente, Smart Rural y TIC PROGRAMA DUS 5000 del Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia***

### **1.- Descrición do proxecto:**

O proxecto consiste na renovación das instalacións do alumado público do Concello de Moraña.

Vaise actuar en 1.545 puntos de luz dos 2.327 existentes no municipio, substituindo 1.423 luminarias por outras novas de tecnoloxía LED.

Respecto aos cadros de mando, o proxecto contempla actuacións en 43 dos 61 existentes no municipio, os cales serán reformados para adaptalos á normativa vixente. Ademais instalárase un sistema de telexestión que permira obter e xestionar información detallada sobre consumos, mantemento e fluxos luminosos.

Con esta actuación diminuírase a potencia de 134,908 W a 71,909 W e un aforro enerxético estimado do 57,76%, no servizo do alumado público

O Pleno do Concello na súa sesión do 03-10-2023, aprobou o expediente de contratación das obras por procedemento aberto



## 2.- Financiación do proxecto.

A financiación do proxecto é a seguinte:

Concepto	Custo	Financiación IDAE	Financiación Concello
Honorarios Auditoría	6.655,00	5.656,75	998,25
Honorarios Redacción Proxecto Técnico	16.819,00	14.296,15	2.522,85
Honorarios Dirección de obra	17.545,00	14.913,25	2.631,75
Honorarios coordinación seguridade e saúde	3.025,00	2.571,25	453,75
Proxecto das obras	742.145,08	565.558,98	176.586,10
<b>TOTAL</b>	<b>786.189,08</b>	<b>602.996,38</b>	<b>183.192,70</b>

**Hai que destacar o importante apoio financeiro da UNION EUROPEA, con cargo a PLAN DE RECUPERACION, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA, por un importe de 602.996,38 euros.**

## 3. Obxecto do contrato de obras

As obras consisten na actuación sobre 43 instalacións onde se substituen 1.423 puntos de luz por luminarias completas de tecnoloxía máis eficiente tipo LED.

Das 43 instalacións sobre as que se actúa, en todas elas cambiase o cadro completo.

Instalarase un sistema de TELEXESTIÓN que permita:

- Monitorización e control dos puntos de luz
- Regulación dos niveis de redución do fluxo lumínico, en todos os puntos de luz
- Detección de fallos e incidencias
- Xestión de activos, alarmas e informes

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

